



Recordatorio de deberes legais dirixido á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para que *de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo conteste expresamente ao escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa en representación da Comunidade de Montes Veciñais de Man Común de Noalla, con data do 16 de agosto do 2024, se non o tivera feito na data en que recibira esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía*

Expediente: C.8.Q/4368/25

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Sra. conselleira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente a falta de resposta da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático á denuncia polo depósito de restos de materiais de construción nunha parcela propiedade dunha CMVMC con especial protección ambiental.

ANTECEDENTES

No seu escrito, indícanos que:

Presentó escrito por rexistro ante la Xefatura Territorial de Pontevedra de la Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de la Xunta de Galicia PARA DENUNCIAR EL HECHO DEL DEPOSITO DE RESTOS DE MATERIALES DE CONSTRUCCION (POSTES DE HORMIGÓN DE TENDIDO ELÉCTRICO) EN LA PARCELA DE NUESTRA PROPIEDAD DENOMINADA "XXX" EN A LANZADA, POR PARTE DE OPERARIOS DEL CONCELLO DE SANXENXO.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que xa nolo remitiu:

Información sobre a queixa presentada por XXX ... da CMVMC de Noalla sobre un suposto vertido de material de construción e postes na parcela coñecida como XXX.



O 29 de agosto de 2024, o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental do Dto da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de Pontevedra envía ao Servizo de Patrimonio Natural pertencente ao mesmo Departamento, unha nota coa documentación da queixa da CMVMC de Noalla, na que fai constar o depósito de postes de formigón residuais do tendido eléctrico nunha parcela que forma parte da Rede Natura 2000. Ao non ser considerados residuos, considérase que non é competencia do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, polo que trasládase ao SPN. O SPN non detectando alteración algunha de hábitats e especies non realiza tramitación algunha.

O 25 de febreiro de 2025 recibimos escrito do Rexistro Xeral da Valedora do Pobo na que se reitera a queixa do representante da CMVMC de Noalla, xa formulada en agosto. Ante esta circunstancia o SPN de Pontevedra ponse en contacto co Concello de Sanxenxo que contesta cun informe xurídico (que se xunta a este escrito) no que indica que a parcela de referencia e outras lindeiras figuran inscritas como ben patrimonial de propios no Rexistro de Propiedade e no Inventario municipal do Concello de Sanxenxo, pero que existe un litixio sobre a propiedade desta parcela entre o Concello de Sanxenxo e a CMVMC de Noalla. O concello tamén indica que unicamente depositou uns postes para delimitar a parcela co obxectivo de evitar que a mesma sexa usada como aparcadoiro polos vehículos das persoas clientes do quiosco que arrenda a CMVMC de Noalla.

ASUNTO: INFORME

SOLICITANTE: CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

EXPTE.: 2385/2025

Visto o escrito, presentado por XXX, en representación da “Comunidade de Montes Veciñais de Man Común de Noalla”, perante a Consellería de Medio ambiente e Cambio Climático, o asesor xurídico que subscribe ven a emitir o seguinte INFORME:

No referido escrito, denúciase que polo Concello de Sanxenxo, procedeuse a realizar un depósito de restos de materiais de construción, na parcela denominada “XXX”, sita na parroquia de Noalla (Sanxenxo) con referencia catastral XXX.



Como se desprende do propio informe fotográfico aportado polo representante da comunidade de montes, o Concello de Sanxenxo, na parcela de referencia non está a realizar un depósito de materiais de construción, unicamente está delimitando a parcela para impedir que a mesma sexa usada como aparcadoiro polos vehículos das persoas clientes do quiosco que arrenda dita comunidade.

Debe poñerse de manifesto que dita parcela e outras colindantes figuran inscritas como ben patrimonial de propios no Rexistro de Propiedade e no Inventario municipal.

A maior abastamento, o Xurado Provincial de Montes de Pontevedra desestimou expresamente a clasificación do terreo reivindicado como monte veciñal en man común, decisión administrativa que foi xudicialmente confirmada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia mediante Sentenza nº 121/2021, do 05 de marzo.

Non obstante, dita comunidade ten interposta demanda pola que se formula a acción declarativa de dominio, da que coñece o Xulgado de Primeira Instancia nº1 de Pontevedra, que nestes intres atópase en estado de litispendencia.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente presentou escrito en representación da Comunidade de Montes Veciñais de Man Común de Noalla, con data do 16 de agosto do 2024, (R.E.2024/2449005), relativo ao depósito de postes de formigón residuais do tendido eléctrico nunha parcela que forma parte da Rede Natura 2000.

Segunda: Ao non obter resposta, sete meses despois formula queixa nesta institución da Valedora do Pobo, que foi admitida a trámite e posteriormente iniciouse a investigación, solicitando o preceptivo informe

Terceira: No informe remitido polo órgano competente, non consta que se proporcionara resposta algunha ao agora, promotor deste expediente, relativa ao escrito que presentara en agosto do 2024. Dito informe foi incorporado con data do 27/03/2025 R.E.7614/25.



Cuarta: Tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os “*Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo*”, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).*

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Quinta: Esta institución, atópase especialmente vinculada polo disposto no artigo 20, último parágrafo, da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, segundo o cal en calquera caso velará por que a Administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Sobre a base das argumentacións expostas, resolveuse formular a seguinte:



CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo debe contestar expresamente ao escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa en representación da Comunidade de Montes Veciñais de Man Común de Noalla, con data do 16 de agosto do 2024, se non o tivera feito na data en que recibira esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo,

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo (en funcións)